

AGOLADA

A N U N C I O

O Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión ordinaria celebrada o día 2 de xullo de 2010, acordou aprobar o expediente de modificación puntual da Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar e a súa exposición ao público polo prazo dun mes, que empezará a contarse a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da provincia, a fin de que durante o mesmo se poda examinar o expediente e formular as reclamacións que se consideren oportunas.

En Agolada, a 2 de xullo de 2010.—O Alcalde, **2010007879**
ilexible.

* * *

O GROVE

E D I C T O

Aprobado inicialmente polo pleno municipal en sesión do 25 de febreiro de 2010 o “Modificado nº 1 do proxecto de “Colectores xerais e estación depuradora de augas residuais no Grove”, expónse ao público por prazo de vinte días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación do presente edicto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, prazo durante o cal poderase consultar na oficina de secretaría do Concello do Grove, sitas na Praza do Corgo nº 1, e presentar as alegacións ou suxestións que se consideren oportunas.

De non presentarse reclamacións, a aprobación inicial considerarase definitiva de xeito automático.

O Grove, 8/07/2010.—O Alcalde, José A. Cacabelos Rico. **2010007875**

E D I C T O

Alberto M. González Benavides solicitou desta Alcaldía licenza para legalización, reforma e ampliación de local para restaurante situado no lugar de A Graña, 7B-baixo, deste termo municipal (exp. 2/10).

En cumprimento do establecido no artigo 86 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sométese o expediente a información pública por un período de vinte días hábiles, co fin de que nese tempo —que empezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia— as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar poidan

examinalo na Secretaría deste Concello e formular por escrito as reclamacións ou as observacións que estimen oportunas.

O Grove, 28 de xuño de 2010.—O Alcalde, José Antonio Cacabelos Rico. **2010007547**

* * *

MONDARIZ

E D I C T O

Aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de modificación orzamentaria 08/10 por transferencia de crédito de distinto grupo de función 01/10, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 29.05.2010, e non téndose presentado reclamacións durante o prazo de exposición ó público, en cumprimento do que dispón, o artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 2/2004 de 5 de marzo, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial sobre transferencia de créditos entre partidas de gastos de distinto grupo de función que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, que se fai público resumido por partidas (subfunción - concepto) é o seguinte:

Altas en partidas de gastos:

Partida		Descrición	Euros
<i>Funcional</i>	<i>Económica</i>		
453	600.	CARRETERAS PAVIMENTACIÓN	246.571,69
161	619	SANEAMENTO ABASTECIMENTO E DISTRIBUCIÓN DE AUGAS. OUTRAS INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN INFRAESTRUCTURAS.	29.990,00
TOTAL GASTOS			276.561,69

Baixas en partidas de gastos:

Partida		Descrición	Euros
<i>Funcional</i>	<i>Económica</i>		
330	622	CULTURA. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN	276.561,69
TOTAL GASTOS			276.561,69

Mondariz, 30 de xuño de 2010.—O Alcalde, Julio Alén Montes. **2010007606**

E D I C T O

Aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de modificación presupostaria 07/10 por suplemento de crédito 1/10, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 29.05.2010, e non téndose presentado reclamacións durante o prazo de exposición ó público, en cumprimento do que dispón, o artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 2/2004 de 5 de